



## “CONECTA FERROL”

Programa de axudas económicas ás/ós mozas e mozos para mercar un ordenador.



## Concellería de Igualdade e Xuventude

### Programa "CONECTA FERROL" Ano 2015.

#### BASES REGULADORAS.

**Primeira.-OBXECTO.** A finalidade das presentes bases consiste na regulación do acceso ás axudas para poder acceder á compra dun ordenador (portátil ou de sobremesa), por parte das mozas e mozos que estean empadroados no Concello de Ferrol, para os efectos de facilitarlles e colaborar coa súa formación, durante o período educativo da ESO e Bacharelato.

**Segunda.- NÚMERO MÁXIMO DE BENEFICIARIAS/OS DA ACHEGA.** O número máximo de mozas/os que poderían beneficiarse desta achega, sería de 50.

**Terceira.- REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR AS/OS MOZAS/OS , PARA PODER OPTAR A ESTA AXUDA.**

Son os seguintes:

- a) Estar empadroada/o no Concello de Ferrol, cunha antigüidade mínima dun ano.
- b) Ter entre 12 e 18 anos de idade, cumpridos na data do remate do prazo de presentación de solicitudes.
- c) Acreditar un nivel de ingresos económicos netos anuais da unidade familiar non inferior a 1,21 veces ao IPREM, nin superior a 2,5 veces ao IPREM establecido para o ano 2015, incluíndo as pagas extras e incrementano nun 15% por cada novo membro.

CI)

Para 2,5 veces IMPREN	1 membro	1.331,27 €
	2 membros	1.530,96
	3 membros	1.760,60 €
	4 membros	2.024,64 €



**Cuarta.- ORZAMENTO.** Para facer fronte ao gasto destas achegas existe crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria 04102-3342-48000. O gasto total do programa ascende á cantidade de 10.000,00 €.

**Quinta.- SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN.** As mozas/os que desexen ser beneficiarios/as desta achega e reúnan os requisitos esixidos na Base terceira, deberán presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral, en modelo que aparece como Anexo I das presentes bases.

Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Certificado de empadramento, no que conste o dato da antigüidade mínima dun ano.
  - Fotocopia compulsada do DNI.
  - Fotocopia da declaración do IRPF do exercicio 2014 da/o solicitante e/ou dos demais membros da unidade familiar.
  - Certificado da entidade bancaria de acreditación da titularidade da conta correspondente.
  - Declaración xurada de estar ao corrente coa Facenda Pública e coa Seguridade Social.

Prazo de presentación de solicitudes: o prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación do anuncio na prensa e rematará o día 30 xuño de 2015

**Sexta.- SUBSANACIÓN DE SOLICITUDES.** As/os interesadas/os que presenten a súa solicitude de xeito incorrecto ou incompleto, disporán de 10 días, contados a partir do día seguinte o da recepción da notificación, para os efectos da enmenda da mesma.

No caso de que non se procedera á subsanación da solicitude no prazo referido, a/o interesada/o quedará automaticamente excluída/o desta convocatoria.

**Sétima.- CONTÍA DA ACHEGA.** A contía de cada achega ascenderá a un importe de 200,00 €, sempre e cando este importe non supere o custo derivado da compra do ordenador.

**Oitava.- BAREMO DE AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES.**

Ingresos unidade familiar	1,21 veces o IPREM	4 PUNTOS
Idem	Entre máis de 1,21 e 2 veces o IPREM	3 PUNTOS
Idem	Entre 2 e 2,5 veces o IPREM	2 PUNTOS

No caso de producirse un empate na puntuación obtida, terá preferencia a/o interesada/o que presentara a súa solicitude antes, segundo o extracto do Rexistro Xeral.

**Novena.- RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES.** O procedemento de estudo, baremación e resolución de concesión das solicitudes levarase a cabo no negociado de Igualdade e Xuventude.

Unha vez avaliadas as solicitudes admitidas a trámite, publicarase un listado provisional de beneficiarias/os desta achega, no que figurará o importe concedido e a puntuación acadada.

Este listado expoñeráse no Taboleiro de Edictos do concello de Ferrol e nas dependencias do negociado de Igualdade e Xuventude.

Dende o día seguinte ao da exposición do dito listado as/os interesadas/os disporán dun prazo de 10 días naturais, para os efectos de presentación de posibles reclamacións. Unha vez resoltas as reclamacións , procédese á publicación da resolución definitiva de concesión de achega, nos mesmos lugares que o listado provisional.

Deberá publicarse tamén un listado de agarda, para os supostos de renuncia por parte dalgunha/dalgún beneficiaria/o. Neste caso seguiráse a orde que figure na listaxe...

**Décima.- RENUNCIA Á ACHEGA.** No caso de renuncia, deberá cumplimentarse o documento que figura como Anexo II destas bases.

**Undécima.- OBRIGAS DAS/DOS BENEFICIARIAS/OS.**

As beneficiarias/os das achegas obriganse a:

1. Adquirir un ordenador nun establecemento comercial do termo municipal de Ferrol, antes do día 30 de setembro de 2015.
2. A facilitar toda a información que se lles requira por parte da concellería de Igualdade e Xuventude, no exercicio das funcións de fiscalización e control da/do destinataria/o desta achega.

**Duodécima.-PAGAMENTO DA ACHEGA.** Para proceder ao pagamento e percepción da achega concedida, a/o beneficiaria/o deberá presentar no Rexistro Xeral fotocopia compulsada do NIF e a facturación da compra do ordenador ou ben ticket de compra do mesmo, para posteriormente proceder ao ingreso do importe na conta bancaria sinalada para estes efectos. Este trámite deberá cumprirse antes do día 30 de novembro de 2015. No suposto de non acreditarse o pago neste prazo, perderase o dereito a achega.,

Ferrol, 10 de febreiro de 2015,  
A concelleira de Igualdade e Xuventude,

Verónica Casal Míguez,



## ANEXO I

### DATOS PERSOAIS DA/DO SOLICITANTE

NOME	
APELIDOS	
NIF	
IDADE	
ENDEREZO	
LOCALIDADE	
CODIGO POSTAL	
TELÉFONO	
MAIL	

### DATOS BANCARIOS

ENTIDADE BANCARIA	
CONTA BANCARIA	

### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA :

- Certificado de empadramento , no que conste o dato da antigüidade mínima dun ano.
- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia da declaración do IRPF do exercicio 2014 da/o solicitante e/ou dos demais membros da unidade familiar.
- Certificado da entidade bancaria de acreditación da titularidade da conta correspondente.
- 

### PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de carácter personal, infórmase que os datos persoais recollidosw nesta solicitude, incorporaranse a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante escrito dirixido á Concellería de Igualdade e Xuventude do Concello de Ferrol.

SINATURA DA/DO SOLICITANTE,

Data:



ANEXO II

MODELO DE DOCUMENTO DE RENUNCIA Á ACHEGA CONCEDIDA

Dona/don....., con NIF.....

EXPÓN:

Que me foi concedida unha achega, no programa "Conecta Ferrol", para a compra dun ordenador, por importe de.....

Que presento a miña renuncia á achega concedida , polos seguintes motivos:

Ferrol,

Sinatura,

